

**INFORME SOBRE O  
VALOR PATRIMONIAL DO  
CONXUNTO ARTÍSTICO  
E ARQUITECTÓNICO  
INTEGRANTE DO MUSEO  
GALEGO DE ARTE  
CONTEMPORÁNEA  
CARLOS MASIDE  
(O CASTRO-SADA)**

Consello da Cultura Galega  
Xaneiro, 2018



CONSELLO  
DA CULTURA  
GALEGA



De acordo coas letras a) e d) do artigo 6 da Lei 8/1983, do 8 de xullo, do Consello da Cultura Galega, correspóndelle a este órgano analizar cantas cuestións se refiran ao patrimonio cultural galego así como asesorar os poderes da Comunidade Autónoma no que xulgue preciso para a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego e elevar informes e propostas a estes.

No desenvolvemento destas atribucións, a Comisión Executiva do Consello da Cultura Galega, na reunión do 6 de xullo de 2017, entendeu que era preciso analizar e valorar a situación do Museo Galego de Arte Contemporánea Carlos Maside (MGACM), para os efectos de determinar cal é o grao de protección que merece ao fin de garantir a súa preservación e posta en valor.

Con este obxectivo, a Comisión Executiva encargoulle a elaboración dun informe a D.<sup>a</sup> María Luisa Sobrino, catedrática de Arte Contemporánea da Universidade de Santiago de Compostela, e a D. Xavier Ferreira Fernández, profesor de Dereito Administrativo da Universidade de Santiago de Compostela, sobre a situación da colección pictórica e documental do Museo así como do edificio que a alberga, informe que foi aprobado pola Comisión Executiva do CCG na súa reunión do 5 de xaneiro de 2018 para a súa presentación ao Pleno do 9 de xaneiro de 2018.



Os fondos pictóricos do MGACM, xunto co edificio que os alberga, recollen un conxunto artístico e arquitectónico único pola calidade das obras que a compoñen e polo alcance simbólico e representativo da evolución da arte contemporánea galega dos últimos tempos.

Coa finalidade de verificar oficialmente con criterios científicos, académicos e técnicos a recoñecida relevancia dos mesmos, e o seu coherente tratamento e consideración, de xeito que quede acreditado, con todas as garantías xurídicas necesarias, que estamos ante uns valores culturais que, como conxunto, merecen o alto grao de protección, elabórase este informe de cara a preservar a integridade da colección e o seu acceso para o estudo e gozo por parte de toda a sociedade galega.

Vaia por diante que o singular valor destes fondos e o edificio que os alberga, que fai deles bens precisos dunha singular protección, vén determinado non só pola relevancia dos elementos que a integran, senón, como se dirá deseguido, pola súa consideración como un conxunto singular e único do patrimonio cultural galego.

## 1. AS ORIXES

Imaxinar e construír un país dende a súa propia cultura, recuperar e poñer ao día a identidade galega esmorecida pola Guerra Civil e a posguerra foron o incentivo que impulsou a un grupo de intelectuais galegos, sobranceiramente Luís Seoane e Isaac Díaz Pardo —un dos fundadores da fábrica de cerámica do Castro e, naqueles momentos, inmerso nunha iniciativa cerámica en Arxentina<sup>1</sup>, ambas preámbulo do futuro proxecto Sargadelos— a acometer todo un conxunto de proxectos empresariais e culturais. Unhas inxerencias que se manifestan coa constitución do Laboratorio de Formas de Galicia e se materializan baixo o soporte económico da fábrica de cerámica do Castro, desde onde se propoñen

---

1 A fábrica Celtia, localizada na Magdalena, Mar del Plata, Arxentina.

e deseñan as liñas estruturais dunha ideoloxía galeguista e social que pronto se farían realidade. Entre estas propostas figura a necesidade da creación do Museo Galego de Arte Contemporánea Carlos Maside<sup>2</sup>, que ten lugar en 1970 dentro deste conxunto de accións transcendentais, froito do esforzo común para a recuperación cultural e económica de Galicia.

Das vicisitudes sobre a súa creación e o seu desenvolvemento dan cumprida conta tanto a obra epistolar de Luís Seoane como o recente opúsculo de Agar Ledo na revista *Grial*, “Museo Carlos Maside. O relato da outra historia”.

Sirva, a modo de resumo, esta pequena sinopse para situarnos ante unha creación que tivo como fin primordial recuperar a vangarda artística galega que a Guerra Civil e o franquismo esnaquizaran e que forma parte fundamental da historia da arte en Galicia.

Na súa orixe, o museo instalouse nas dependencias da fábrica de Cerámica do Castro de Samoedo, e promoveu xa importantes exposicións e actividades. En 1974 proxéctase, no mesmo recinto da fábrica, a creación dun novo edificio, encargo que recae no arquitecto Andrés Fernández-Albalat —autor igualmente da planta circular de Sargadelos—, que sería inaugurado en 1984. No contexto dos estertores do franquismo, o Museo tivo como obxectivo principal o de expoñer, conservar e rescatar o acervo cultural do noso pobo. Do mesmo xeito, dende as súas orixes os seus creadores concibiron continente (edificio) e contido (colección) como un todo integrador, de aí a preocupación inicial por proxectar un edificio singular que albergase a colección.

Cunha ideoloxía contraria e de costas a todo oficialismo académico, o Museo constitúese como unha institución privada, aínda que aberta ao acceso público —quizais daquela a única entidade non estatal e das poucas, posiblemente ata agora, existentes en Galicia—, onde artistas e xente de toda procedencia puidesen familiarizarse coas grandes referencias da arte galega contemporánea.

O Museo converteuse nun referente para o relato da historia da arte galega contemporánea. Concibido desde os seus inicios como un centro cultural vivo e dinámico, contou deseguido cunha importante colección, que, tal como quería

---

2 O Laboratorio de Formas de Galicia é unha idea que xorde na diáspora arxentina, arroupada polos intelectuais galegos alí exilados e protagonizada por Luis Seoane e Isaac Diaz Pardo. Nela achéganse as bases teóricas do que será Sargadelos, un proxecto plural caracterizado pola recuperación moral dos ideais da época da República que, xunto á experiencia empresarial de Cerámicas do Castro, dará lugar á creación da Fabrica de Sargadelos, o Museo Carlos Maside, a editorial O Castro, o Instituto Galego da Información, o Laboratorio Xeolóxico de Laxe, o Seminario de Sargadelos, escolas de cerámica...

Luís Seoane, debería ter unha finalidade difusora, pedagóxica e cunha vocación viaxeira, do mesmo modo que aquela Barraca de teatro, que, dirixida por García Lorca, circulara polas localidades durante a República<sup>3</sup>.

O Museo despregou unha importante actividade cultural dende os seus primeiros anos: pronúncianse conferencias, realízanse exposicións e proxeccións de cine. Xustamente as primeiras mostras de arte contemporánea —gravados de Picasso e Miró, Solana, Guinovart, George Grosz...— que se fan en Galicia teñen lugar no centro. Tamén as proxeccións de películas experimentais e algúns filmes sobre movementos artísticos internacionais, dende as vangardas ata as últimas tendencias, así como debates sobre a importancia da relación arte-industria.

No verán de 1973, o Museo intervén activamente na exposición “Arte Joven de Galicia 1973”, realizada na Coruña. Trátase dun proxecto impulsado polo propio Museo no que tamén colaboraron o Concello e a Dirección General de Bellas Artes. Pero, sobre todo, convén insistir en que os fondos do Museo adoitan ser solicitados para figurar en distintas mostras por toda Galicia e frecuentemente por diferentes institucións artísticas do Estado.

Dende a súa fundación ata hoxe mesmo, o Museo tentou levar á práctica a filosofía de Luís Seoane de que a colección se estendese máis alá das paredes do edificio, se instalase noutras sedes, ben para dar a coñecer aos artistas presentes nos seus fondos, ben para dialogar xunto a outras pezas da arte galega do seu mesmo contexto histórico, ou, finalmente, para participar noutras mostras en que as pezas do Carlos Maside deberían estar presentes como recuperadoras da memoria artística do país.

## 2. O EDIFICIO

Como xa se dixo, en 1984 o Museo trasládase ao novo edificio deseñado polo arquitecto Andrés Fernández-Albalat. Membro, xunto a Seoane e Díaz Pardo, do Laboratorio de Formas, foi integrante do Padroado fundacional do Museo, ao que se dotará dende agora dunha sede definitiva e concibida expresamente para albergar a súa colección.

---

3 Unha aspiración que xa Seoane chegara a facer realidade previamente ao reunir, con Arturo Cuadrado, unha mostra de artistas mozos, nunha Barraca instalada en Compostela nos días das festas do Apóstolo de 1934.

O novo recinto conta cunha planta singular, formada por unha estrutura central de base hexagonal e dezaseis pequenos hexágonos que se agrupan arredor, adquirindo unha espacialidade continuada e dinámica, e cunha superficie de 2100 m<sup>2</sup>, pensada para futuras ampliacións. Dentro deste conxunto distínguense algúns espazos diferenciados, como o dedicado a Auditorio, na planta baixa, un destacado ámbito arquitectónico, no que se erguen unha serie de estruturas a base de escadas e vigas móbiles que lle outorgan unha aparencia fabril, como se suxire en todo o conxunto do edificio.

A distribución da parte expositiva repártese en tres plantas, formando un percorrido museístico ao redor dunha escalinata central que suxire a continuidade espacial e volumétrica.

A pintura dispónse en quince módulos segregados en salas, distribuídas ao redor do módulo centralizado na escaleira e nunha lumieira que proporciona luz cenital ao conxunto. As salas, coa mesma forma hexagonal e anexas unha a outras, dispóñense por asociacións temáticas ou por autores seguindo un percorrido cronolóxico. Así, a planta baixa, pensado para a pintura de preguerra, iníciase coas pezas de Castelao e o Movemento Renovador e, a medida que vamos ascendendo, no primeiro andar distribúense cronoloxicamente a obra dos sucesivos autores do século XX, e unha última sala, na planta alta, dedicada ao debuxo humorístico.

Trátase, así pois, dun conxunto pensado, deseñado e construído para albergar a colección pictórica. Un edificio que se xustifica por e para o fin ao que se dedica, que alcanza a súa plenitude expresiva contendo as obras pictóricas que alberga, de xeito que hoxe resulta imposible concibir o edificio sen a colección e viceversa.

### **3. A COLECCIÓN**

Dende a súa fundación o Museo Carlos Maside contou con doazóns de coleccións particulares vehiculadas a través dos membros do Laboratorio de Formas. Parte importante deste patrimonio inicial serán os fondos doados por coleccionistas privados de Galicia (García Sabell, Paz Andrade, Álvaro Gil, Celso Emilio, Arturo Cuadrado, Eugenio Granell, Ramón Martínez López, Rafael Dieste, Martínez Risco, Neira Vilas, Gala Murguía...), que incrementaron e completaron o ímpeto fundacional da colección. Desde a súa creación, contou así mesmo co apoio de artistas coetáneos e doutros máis novos como os da xeración Atlántica, representados tamén no museo con obras en depósito ou doadas por eles mesmos.



Desde o seu comezo, o museo fíxose realidade grazas ao prestixio de Luís Seoane e Díaz Pardo, e converteuse nun espazo de abeiro para a arte galega e nunhas paredes case icónicas para os artistas máis novos, que supuñan ter alí un espazo especial para ser dignamente representados. A colección emprende a súa andadura xa con importantes fondos reunidos desde os anos setenta, centrándose especialmente nun amplo e representativo conxunto de obras dos anos vinte e trinta.

Cunha bagaxe de máis de 1200 pezas<sup>4</sup>, a colección oriéntase na dirección preconizada por Castelao, é dicir, na reconstrución da arte galega contemporánea de carácter social e nacional. A pesar da distinta procedencia das pezas, trátase dun conxunto que ten por si mesmo un grande interese como “unidade” de cara á súa permanencia dentro do patrimonio galego. Un cúmulo de confluencias confírenlles a estes fondos esta idea dun “todo”. É unha colección que reflexiona sobre un concepto común: o da memoria artística galega. Un concepto que responde aos criterios coherentes que nos posibilitan entender e interpretar as pezas non só valoradas na súa singularidade, senón como parte dun argumento, dunha reflexión que quere amosar os períodos da arte, cun valor estratéxico esencial e vital para a historia artística do noso país e da súa identidade.

Seguindo a estrutura do edificio de Albalat, a súa exhibición artística inicia o percorrido desde o baixo, coas obras de Castelao e dos Renovadores galegos, desenvolvéndose de modo sincrónico e diacrónico dentro da filosofía arte-cultura-sociedade do seu tempo, e seguindo unha sucesiva configuración histórica coa incorporación, nos sucesivos andares, de obras das novas xeracións de artistas, reunidas desde os setenta ata finais do século XX.

## Castelao

Boa parte do mundo plástico de Castelao podemos atopalo nas salas do Museo Carlos Maside. Dende as numerosas viñetas, caricaturas, gouaches e gravados de distintos álbums —como algunhas escenas procedentes dos álbums de guerra—, ata antigos carteis, como aquel que anuncia as Festas de Santiago de 1912, e outros posteriores, nos que fai propaganda do Estatuto Galego ou anuncia a edición de

---

<sup>4</sup> Agora ben, desta notable selección de obras, só unha mínima parte delas se atopa exposta no museo. Por cuestións de espazo, aínda que os fondos vaian rotando na súa exposición, de empréstito, de conservación —como todo o que non estea nun soporte que resista determinados lumens ou ambientacións, como papeis, debuxos, gravados en color, etc.—, permanece gardada nos seus arquivos, que sempre estiveron a disposición de investigadores e institucións solicitantes desas obras.

libros. Tamén cómpre salientar os fermosos debuxos de negros, feitos a tinta no exilio, traídos de Cuba por Anisia Miranda e Xosé Neira Vilas.

Unha peza emblemática para a arte galega como é o *Álbum Nos*, que alí se expón —e que poderíamos considerar como a que marca o inicio da colección—, sinala así mesmo a definitiva ruptura da arte galega co costumismo e o folclorismo da pintura do seu tempo, achegando unha nova perspectiva para a plástica en Galicia.

Emporiso, dentro deste universo visual de Castelao —só comparable co conxunto de pezas deste autor existente no Museo de Pontevedra—, as obras de maior interese de Castelao son as caretas e os figurinos para a obra teatral *Os vellos non deben namorarse*, feitos na Arxentina. Co espírito de arte total da súa época, Castelao non só escribe o texto senón que realiza toda a ambientación plástica e visual desta obra teatral. Ademais das vinte caretas de xeso que representan os actores, a colección aborda o deseño das vestimentas ou da ambientación das escenas. Este conxunto é, sen dúbida, un dos elementos máis interesantes que compoñen o patrimonio do Museo Carlos Maside.

## **Carlos Maside**

Ao legado dos fondos de Castelao e case en sucesión cronolóxica con eles, súmase nesta colección outra das máis notables incorporacións en homenaxe a quen o Museo recibe o seu nome. Trátase dun importante conxunto de obras do artista Carlos Maside, un dos autores indispensables na historia renovadora da arte galega da época da República e da posguerra. Maside destaca como un dos intérpretes máis representativos e como unha figura aglutinadora nese contexto que, contra o 1925, iniciaba o proceso de inquietude creadora en Galicia e que culmina nos anos da República e se estende á posguerra e ao exilio.

Carlos Maside, do que se contabilizan 113 obras, é, sen dubida, o artista mellor representado de toda a colección, e aínda que o Museo non posúa as pezas máis senlleiras da súa traxectoria pictórica, o cúmulo de óleos, acuarelas, gouaches, gravados, debuxos e carteis do Museo constitúe un dos repertorios máis completos do que poderíamos considerar a cultura visual da Galicia do seu tempo.

Cabe destacar, entre todo este acervo, o óleo *Muiñeira*; dúas figuras enlazadas que tenden a virar sobre si mesmas, buscando nese movemento un ritmo musical. A pintura presenta unha angulosa estrutura xeométrica, fronte ao estilo pétreo e as rotundas redondeces volumétricas que caracterizan gran parte da produción

anterior de Maside. Esta obra, *Muiñeira*, é un interesante fito na biografía artística de Maside. Nela volve ao colorido vivo dos primeiros óleos e á angulosidade formal —como nas *Tendas* de finais dos anos vinte—, e, polo que pode supoñerse, engade unha vontade de cambio cara a novas procuras como movemento e xeometría e un xeito de traballar marcando as formas angulosas como as técnicas dos vitrais.

## **Luís Seoane**

Outro dos legados capitais que forman a colección é o achegado por Luís Seoane. Pasados moitos anos no exilio, Seoane regresou coa obsesión de recuperar a memoria dunha cultura interrompida pola guerra, agochada ao outro lado do Atlántico ou silenciada na propia Galicia. Consciente da capacidade que tiña o museo, concibe a súa colección como unha auténtica antoloxía da arte galega, para establecer e normalizar a súa presenza na cultura contemporánea.

Con máis de 140 pezas, exactamente 144, o seu legado componse tanto de numerosos óleos —algúns memorables como *O Meco*, *Mulleres mirando a ría*, *O caído*. *Homenaje a Julián Grimau*—, como de múltiples debuxos —entre os que destacan os numerosos “Retratos a desguello”, sinxelas representacións de xente do seu tempo—, aos que cabe sumar os deseños para xerras, tapices, carteis ou futuros murais. Pero sobre todo predominan os gravados: desde os feitos en pedra litográfica, ata as múltiples xilografías, unha técnica en madeira que lle interesou especialmente e na que traballou dabondo. Gravados concibidos xa como estampas individuais, como series temáticas recollidas en carpetas ou como libros de gravados, moitos deles creados na propia editorial do Castro. Nesta profusión de imaxes, tratou todo tipo de temas, pero sentiu unha atracción moi especial pola presenza de persoeiros e pasaxes da historia de Galicia, referentes ao mundo medieval.

Intentar describir individualmente a polifacética e abondosa produción de Luís Seoane que atopamos no Carlos Maside e describir o enorme acervo recollido nos seus arquivos sería un labor inxente. Pero si podemos dicir que o seu conxunto constitúe non só unha auténtica ledicia para os nosos ollos, senón un dos máis importantes relatos da historia da cultura visual de Galicia, contribuindo a proporcionar ferramentas cara á educación e desenvolvemento cultural do noso país.

## Os renovadores

As novas xeracións de artistas, coñecidas como “Os renovadores”, forman o núcleo máis substancial dos fondos do museo. Pintores como Arturo Souto, con retratos e as súas características estampas parisienses, e sobre todo con esa admirable *Maternidade*, exemplo sobranceiro dos posicionamentos da nova arte galega; representacións de labregas e de panadeiras dun temperán Manuel Colmeiro; óleos de romarías e entroidos de Manuel Torres; figuras de rapazas do ourensán Candido Fernández Mazas, autor do cartel anunciador do *Retablo de Fantoques* das Misiones Pedagógicas, son unha clara mostra desa nova xeración. A eles engádense as pezas dos mozos que empezaban a súa traxectoria nos anos da República, como Laxeiro, do que se contan numerosos debuxos. Así mesmo, cabe salientar obras de grandes debuxantes, publicistas ou cartelistas da época como Federico Ribas, Álvaro Cebreiro, Luís Huici...

Pero a Colección do Museo enriquecese ademais coa presenza doutros moitos autores que non se inclúen baixo esta denominación de Renovadores. Algúns porque son máis vellos, como Camilo Díaz Baliño ou Xesús Corredoyra; outros porque se amosaban un tanto alleos a estes movementos que se producían dentro do noso país, como Maruja Mallo, representada coas magníficas *Máscaras* do seu período bonaerense; ou o debuxo do meniño durmindo de Francisco de Miguel.

## As últimas incorporacións

Nese proceso integrador entre o edificio e a colección, a medida que imos subindo as escaleiras do museo, atopámonos con óleos de Eugenio Fernández Granell, debuxos do futuro escultor Cristino Mallo, pinturas de Xosé Frau, unha pequena rúa de Julia Minguillón ou un mural de Urbano Lugrís... No ámbito da escultura pezas de importantes artistas desta época, como Eiroa, un bosquejo de Francisco Asorey, Bonome, Compostela ou Faílde. En síntese, estamos ante unha extensa mostra dos artistas máis representativos da arte galega do contexto da pre e posguerra, a meirande parte exiliados durante a Guerra Civil, outros rescatados dun forzoso esquecemento na historia oficial da nosa arte.

Seguindo o percorrido do museo, incorpóranse novos nomes que traballan desde os anos cincuenta, amosando a evolución da plástica galega desde a posguerra

ata os anos oitenta. Destacan especialmente os fondos (cerca de 50 pezas) que o museo garda de Raimundo Patiño. Debuxos e óleos con ese estilo tan persoal, dun expresionismo de arrebatados perfís, achegado ao da banda deseñada, que, sen dubida, é outro dos cumios da colección. Deste xeito vanse engadindo obras de moi diferente estilo: desde as escenas de tintes goyescos de Pérez Bellas, a obra de Mercedes Ruibal, o xeometrismo abstracto de X. M. de Labra, o construtivismo de Luís Caruncho, as pinturas de Bea Rey, a case abstracción lírica de Tino Grandío, Xaime Quessada, Alberto Datas, Jorge Castillo..., entre outros moitos artistas que foron incrementando o patrimonio do museo; ata chegar aos mozos e grupos que a finais dos setenta intentaron dar un novo xiro á arte que se facía en Galicia: *Sisga* e a *Galga* na Coruña, a pintura dos compoñentes do grupo *Atlántica*: Ánxel Huete, Antón Patiño, Menchu Lamas, Silverio Rivas, Xesús Vázquez, Antón Lamazares, Tono Carbajo ou unha gran peza de madeira de Leiro.

A pesar destas últimas incorporacións, realmente o sentido da colección iría esmorecendo a medida que se desenvolve a década dos oitenta, quizais porque, coa chegada da Democracia, a misión do Carlos Maside, ligada a acontecementos de índole política e social da nosa historia, como vivía da memoria da nosa cultura, estaba xa cumpridamente rematada. A súa continuidade facíase máis presente noutros espazos dedicados á promoción da arte galega, como foi o labor das Galerías Sargadelos, desde onde se foron incorporando obras de artistas máis novos ao patrimonio do museo. Comezaba, ademais, un tempo de cambio no que sería responsabilidade das novas institucións do status político das autonomías, promover o presente e o futuro da cultura contemporánea en Galicia.

#### **4. A PROTECCIÓN DA COLECCIÓN E DO EDIFICIO**

Tendo en conta as consideracións realizadas nos apartados anteriores, non cabe a menor dúbida de que a Colección do Museo Galego de Arte Contemporánea Carlos Maside constitúe un legado imprescindible para o coñecemento da cultura e da arte contemporáneas galegas, que, como tal, merece ter un grao de protección que garanta a súa integridade e a súa conservación no futuro.

O artigo 8 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (LPCG) establece que terán a consideración de bens de interese cultural aqueles bens e manifestacións inmateriais que, polo seu carácter máis sobranceiro no ámbito da Comunidade Autónoma, sexan declarados como tales por ministerio

da lei ou mediante decreto do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellaría competente en materia de patrimonio cultural, de acordo co procedemento establecido na lei.

Non hai dúbida, na nosa opinión, de que tanto o edificio do Museo Carlos Maside como a Colección documental e pictórica que alberga merecen, pola súa natureza e carácter, a protección propia dos BIC. Ao longo deste Informe salientouse o seu relevo e significación para a comprensión da arte contemporánea galega, así como que se trata dun conxunto de bens agrupados nun claro proceso intencional de provisión (artigo 11 da LPCG) sustentado por dúas das máis relevantes figuras da nosa cultura e arte contemporáneas.

Trátase, polo demais, dunha colección de arte cuxa acaída comprensión só pode ser asumida no marco do edificio que a acolle. Un edificio deseñado e executado co único fin de albergala e que, deste xeito, dota a colección dun sentido temporal e simbólico.

En definitiva, colección e edificio merecen a protección necesaria para garantir a súa permanencia e preservación indisolublemente unidos.

Por último, e aínda que non é o obxecto principal deste Informe, consideramos que unha adecuada xestión do Museo Carlos Maside esixe dotalo dunha personalidade xurídica única que garanta non só a preservación dos seus contidos senón tamén a súa posta en valor, a difusión e o enriquecemento dos seus fondos. O actual esmorecemento da divulgación deste relevante patrimonio só pode ser superado a través dunha dinámica de xestión que dende a autonomía xurídica do Museo fixe o foco na promoción dos valores comprendidos nel e na difusión dos seus contidos, así como na achega de recursos para este fin.

De acordo co anterior, o CCG entende que a forma fundacional pode ser a máis adecuada para garantir os obxectivos descritos; non só porque esta permite o fomento e a valoración dun relevante ben cultural sen caer no mercantilismo propio doutras formas de organización, senón, e singularmente, porque a dita forma foi a que concibiron como propia do mesmo os que promoveron a súa creación, tal e como consta na documentación manexada para a elaboración deste informe.

## ANEXO BIBLIOGRÁFICO E DOCUMENTAL

- Díaz Pardo, I., “Algunas precisiones sobre el Museo Carlos Maside”, *La Voz de Galicia*, 26/8/1971.
- Escrigas, Guillermo; Martínez Delgado, Ana Belén, “Isaac Díaz Pardo e o Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside”, en VV.AA. *Isaac Díaz Pardo. Creación e compromiso na Galicia do século XX*, Colección Grandes Pintores, A Coruña, Deputación Provincial, 2006.
- Ledo, Agar, “Museo Carlos Maside. O relato da outra historia”, en *Grial, Revista Galega de Cultura*, t. 54, núm. 209, 2016, p. 127-137.
- López Bernárdez, Carlos, *Do idilio á diáspora. Modernidade e compromiso na pintura galega de Castelao a Seoane*, Baiona, NigraTrea, 2012.
- López Vázquez, José Manuel, “Do 98 á II República: a época do Rexionalismo”, *Arte Galicia: Arte Contemporánea*, tomo XV, A Coruña, Hércules de Ediciones, 1993.
- O movemento renovador da arte galega no Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside*, Sada, Edición do Castro, 1990.
- Museo Galego de arte Contemporánea Carlos Maside*, Sada, Edición do Castro, 2000 (folleto).
- “Museo Galego de Arte Contemporánea Carlos Maside”, en *Museos de A Coruña*, El Ideal Gallego, 7, 1997.
- Rabuñal, Anxo, “O problema da existencia. Inicio e continuidade no sistema da arte en Galicia”, *Grial, Revista Galega de Cultura*, t. 53, núm. 208, 2015, p. 48-55.
- Seoane, Luís, “Notas encol do arte galego e sobre o Museo Carlos Maside”, en *Cadernos do Laboratorio de Formas*, 1, Sada, Edición do Castro, 1970.
- Seoane, Xavier, *Reto ou rendición*, Sada, Edición do Castro, 1994.
- Sobriño Manzanares, María Luisa*, “A Renovación da pintura galega”, en *A Galicia moderna: 1916-1936*, Santiago de Compostela, Centro Galego de Arte Contemporánea, 2005.
- VV.AA., *Sargadelos recuperado. O Laboratorio de Formas 40 anos despois*, A Coruña, Fundación Luís Seoane e SECC, 2008.
- VV.AA., *Arte Galicia: Arte Contemporánea I*, tomo XVI, A Coruña, Hércules de Ediciones, 1993.



CONSELLO  
DA CULTURA  
GALEGA